Ante esta situación cómpre que o consorcio se adapte á lexislación vixente. Por isto, platexáronse dúas posibilidades, por una banda a posibilidade de adaptar os estatutos á lei (de feito constaba una proposta de estatutos elaborada ao respecto pola secretaría e asistencia xurídica da Deputación), posibilidade que fora desbotada en favor da posibilidade de transformar o consorcio noutra



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

entidade, e con base a iso incoouse o procedemento para a transformación do consorcio mediante acordó do pleno do día 26.02.2016 e posterior acordó de cada un dos concellos.

Ainda que se fixeron varias actuacións polo Consorcio encaminadas á modificación de estatutos, así como a súa transformación en mancomunidade, o certo é que ata o momento non se adoptou acordo definitivo algún.

Logo de transcorrer o prazo de un ano establecido pola Lei para adaptación dos estatutos sen que tal modificación fose aprobada, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas realizou una adscrición automática do Consorcio As Mariñas ao Concello de Oleiros, de feito que nas distintas aplicación da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais esixe ao Concello de Oleiros a remisión da información orzamentaria e financeira, non só do propio Concello, senón tamén relativa ao Consorcio das Mariñas, sen que teñamos coñecemento da existencia de ninguna resolución expresa de adscrición.

Á vista dos antecedentes e da normativa aplicable e tendo en conta que o Consorcio segue prestando os servizos que constitúen os seus fins sen que se procedera a adaptar os seus estatutos propónse a transformación do ente como solución máis axeitada, xa que elimina os problemas que na práctica está a xerar a adscrición.

SEGUNDA. O procedemento para a adaptación dos Estatutos do Consorcio será o seguinte [Seguindo as regras previstas para a creación dunha mancomunidade, de acordo ao establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a lei 5/1997]:

A. A iniciativa para a constitución de Mancomunidades deberá ser aprobada por cada un dos Municipios que a asuman mediante Acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada Concello.

B. A elaboración dos estatutos, dos que o contido mínimo será o que se sinala no artigo 142 da Lei 5/1997, será competencia da Comisión Xestora, que os aprobará inicialmente, e a súa aprobación provisional corresponderalle a unha asemblea integrada por tódolos concelleiros dos concellos interesados. Esta asemblea será convocada polo presidente da Comisión Xestora, e para a súa válida constitución requirirá a asistencia, polo menos, da maioría absoluta dos membros de dereito dela, cumprindo a presenza, como mínimo, dun representante de cada municipio

C. O proxecto de estatutos, unha vez aprobado, será sometido, polo prazo dun mes, a informe da Deputación ou das deputacións provinciais interesadas, entenderase favorable se no devandito prazo non fose emitido e expoñerase a información pública por un período dun mes para que sexan presentadas, por parte dos interesados, as observacións ou suxestións que estimen precisas.

D. Rematado o prazo de información pública e antes da aprobación definitiva, seranlle remitidos os estatutos, xunto coa resolución das reclamacións que fosen presentadas, á Consellería competente en materia de réxime local para o seu informe, e esta poderá formula-las observacións de legalidade así como as suxestións e propostas que considere convenientes. Se do informe ó que se refire o parágrafo anterior resultasen modificacións do proxecto de estatutos provisionalmente aprobado, someteranse aquelas á consideración da Comisión Xestora, que, de non aceptalas, estará obrigada á convocatoria da asemblea de concelleiros para unha nova discusión delas. Tras esta nova xuntanza da asemblea decidirse se se continúa ou non co procedemento ata a aprobación definitiva dos estatutos e a constitución da mancomunidade.

E. Os Estatutos da Mancomunidade deberán ser aprobados polos Plenos dos respectivos Concellos, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

TERCEIRA. O artigo 44 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, reconece aos Municipios o Dereito a asociarse con outros en mancomunidades para a execución en común de obras e servizos determinados. As mancomunidades teñen personalidade e capacidade xurídica para o



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

cumprimento dos seus fins específicos e réxense polos seus estatutos propios. As Mancomunidades non poderán asumir a totalidade das competencias asignadas aos respectivos Municipios.

CUARTA. Os Estatutos das Mancomunidades municipais haberán de expresar, polo menos, os seguintes extremos:

- a) Os Municipios que comprende a Mancomunidade.
- b) O lugar en que radiquen os seus Órganos de Goberno e Administración.
- c) O número e forma de designación dos representantes dos Concellos que han de integrar os Órganos de Goberno da Mancomunidade.
- d) Os fins da Mancomunidade e as súas competencias.
- e) Os seus recursos económicos.
- f) O prazo de duración.
- g) O procedemento para modificar os Estatutos.
- h) As súas causas de disolución.

Dado que o inicio do expediente deberá referendarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada un dos Concellos que asuman a iniciativa, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

PRIMEIRO. Instar aos concellos para que inicien o expediente de constitución dunha Mancomunidade co gallo da transformación do Consorcio As Mariñas.

SEGUNDO. Comunicar este acordo aos Concellos integrantes do consorcio para que aproben a iniciativa para a constitución desta Mancomunidade.

[...]

E unha vez debatido o asunto, procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (José Antonio Santiso Miramontes, Alejandra Pérez Márquez, Óscar García Patiño, María Barral Varela, José Ramón Rioboo Castro, Javier Gestal Pose, e María José Varela Neira)

Abstencións: 1 (Óscar Benito Portela Fernández)

Votos en contra: 0

O que lle notifico aos efectos oportunos.

Guísamo (Bergondo), 10 de xaneiro de 2020

O SECRETARIO,

Adrián J. Márquez Caramés".

Logo de ver que, xunto a tal notificación, se remitiu ao Concello de Carral por parte do Consorcio das Mariñas unha proposta de acordos para adoptar na materia, na que se engade:

a).-No antecedente decimo terceiro in fine "En data 18.12.2019 acordou a saída definitiva do Concello de Arteixo."

b).-Na consideración segunda, coma último parágrafo "**Por outra banda, de acordo co artigo 127.5 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público as entidades consorciadas poderán acordar, coa maioría que se estableza nos estatutos, ou a falta de previsión estatutaria por unanimidade, a cesión global de activos e pasivos a outra entidade do sector público xuridicamente adecuada coa finalidade de manter a continuidade da actividade e alcanzar os obxectivos do consorcio que se extingue. A cesión global de activos e pasivos implicará a extinción sen liquidación do consorcio cedente.**"



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

c).-Unha última consideración (cuarta na proposta, por supresión da primeira da notificación), no seguinte sentido: "De acordo co Real Decreto 382/1986, de 10 de febreiro, polo que se crea, organiza e regula o Funcionamento do Rexistro de Entidades Locais, no prazo dun mes desde a constitución do órgano de goberno da Mancomunidade, deberase solicitar polo seu Presidente a inscrición no Rexistro de Entidades Locais."

Logo de ver que o Pleno do Concello de Carral, na súa sesión ordinaria realizada o 26 de marzo de 2015, xa acordou a incoación dun expediente de constitución dunha mancomunidade de municipios, por transformación do Consorcio das Mariñas mais, tendo en conta a variación dende entón das circunstancias que se relatan na fundamentación do acordo do 18 de decembro de 2019 do Pleno do Consorcio das Mariñas (singularmente, o feito de que o Concello de Arteixo deixou de formar parte do consorcio), e que esta Alcaldía fai propias coma motivación desta proposta.

Tendo en conta, pois, os antecedentes indicados e o establecido ao efecto nos Estatutos do Consorcio das Mariñas, e singularmente nas Leis 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (no texto vixente, modificado pola LRSAL), e 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e dado que o inicio do expediente deberá refrendarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada un dos Concellos que asuman a iniciativa, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL** que, en consonancia co que propón á súa vez o Pleno do Consorcio das Mariñas e, previos os preceptivos informes que procedan e o ditame da comisión informativa competente, adopte os seguintes

ACORDOS

- 1).- Incoar, no que corresponde ao Concello de Carral, expediente de constitución dunha Mancomunidade co gallo da transformación do Consorcio As Mariñas.
- 2).-Expresar a vontade de concorrer á Asemblea e designar ao señor Alcalde-Presidente, D. Francisco Javier Gestal Pose, como representante do Concello de Carral e ao señor Segundo Tenente de Alcalde, D. Pablo Couto López coma suplente, na Comisión xestora que se encargue de elaborar o anteproxecto de Estatutos (que tomará como base os actuais estatutos do consorcio As Mariñas) e de tramitar o procedemento até a constitución dos Órganos de Goberno da Mancomunidade.
- 3).- Deixar sen efecto os acordos anteriores do Pleno do Concello de Carral sobre a Mancomunidade.
- 4).- Facultar ao señor Alcalde-Presidente do Concello de Carral para a xestión e sinatura de cantos documentos sexan necesarios en relación con este expediente.."

No expediente da sesión consta o preceptivo informe da Secretaría do Concello nº 1/2020, con sinatura electrónica do 23 de xaneiro de 2020.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 1/2020, ordinaria, realizada o 27 de xaneiro de 2020, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos votos a favor dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV), do PSdeG-PSOE, e do PP (que supoñen doce votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordo plenario do 24 de xullo de 2019,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV, 4 PP e 3 PSdeG-PSOE) [xa que non asiste á sesión a señora concelleira non adscrita].

O señor Alcalde explica que, malia o título que lle deron no Consorcio dss Mariñas á proposta, en realidade non se trata de transformar o devandito consorcio nunha mancomunidade de municipios, senón de crear tal mancomunidade *ex novo*, para posteriormente disolver o consorcio e traspasarlles a aquela os activos e pasivos do devandito consorcio.

DEBATE

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que se alegra de que vaia sair adiante o antes posible, na figura que sexa. Opina que a unión dos municipios da comarca é fundamental, sobre todo no caso dos concellos pequenos, *"diga o que diga o PP"*.

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) manifesta que se leva dende 2013 con esta cuestión, pois o Consorcio ads Mariñas está forzado a transformarse noutra figura. Opina que, dende a súa creación e, tras integrarse nel nove concellos da área metropolitana (agás A Coruña), funcionou moi ben. Engade que, cos cambios na normativa, tiña que desaparecer, e que foron moitos (el incluído) votar a Bergondo en 2014 ou 2015, mais logo, na súa opinión, *"viñeron os iluminados"* e fixeron unha *"encerrona"* en María Pita ao Alcalde de Carral e a outros (excepto o de Oleiros e o da Coruña), para crear unha área metropolitana que, segundo coida, é unha figura que non funciona en Barcelona e, no caso de Vigo, *"está nos xulgados"*. Engade que el sempre dixó que a mellor solución é unha mancomunidade, e que o defendeu sempre, *"igual cá xente normal"*. Explica que primeiro Abegondo e despois carral votaron tamén a favor da creación dunha área metropolitana, e que A coruña despois voltouse atrás. Coida que hai que *"deixarse de tonterías"*, crear unha mancomunidade e *"non darlle voltas"*. Lembra que no boletín editado polo PSOE se dicía que o PP non quería, mais reitera que espera que se cree dunha vez por todas a mancomunidade que, na súa opinión, *"é o único que funciona"*, e que se unan a ela tamén Arteixo e A Coruña.

O señor Couto López replica que, polo tono usado polo señor Mouriño, pensou que ía votar en contra da proposta.

O señor Fernández mouriño engade que, a pesares do que dixesen nos boletíns, ao final *"a razón tena quen a ten"*.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as que compoñen a Corporación, adoptando os seguintes acordos:

1).- Incoar, no que corresponde ao Concello de Carral, expediente de constitución



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

dunha Mancomunidade co gallo da transformación do Consorcio As Mariñas.

2).-Expresar a vontade de concorrer á Asemblea e designar ao señor Alcalde-Presidente, D. Francisco Javier Gestal Pose, como representante do Concello de Carral e ao señor Segundo Tenente de Alcalde, D. Pablo Couto López coma suplente, na Comisión xestora que se encargue de elaborar o anteproxecto de Estatutos (que tomará como base os actuais estatutos do consorcio As Mariñas) e de tramitar o procedemento até a constitución dos Órganos de Goberno da Mancomunidade.

3).- Deixar sen efecto os acordos anteriores do Pleno do Concello de Carral sobre a Mancomunidade.

4).- Facultar ao señor Alcalde-Presidente do Concello de Carral para a xestión e sinatura de cantos documentos sexan necesarios en relación con este expediente.

Parte da sesión de control dos demais organos da Corporación

4.-DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.

A solicitude do señor Alcalde, o Secretario do Concello expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados pola Alcaldía entre o 26 de novembro de 2019 e o 27 de xaneiro de 2020 (dende a anterior sesión ordinaria do Pleno até a convocatoria da presente sesión plenaria), dos que se deu conta ao Pleno.

Asemade, dáse conta dun reparo suspensivo da Intervención do Concello, e da resolución (nº 623/2019) adoptada pola Alcaldía contraria a aquel, polos motivos que nela se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Nº	DATA	ASUNTO
538/2019	26/11/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DE NÓMINAS MENSUAIS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE CARRAL CORRESPONDENTES AO MES DE NOVEMBRO DE 2019.-
539/2019	27/11/2019	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000019216 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
540/2019	27/11/2019	ASUNTO: APROBACIÓN, EXPOSICIÓN PÚBLICA E POSTA AO COBRAMENTO DE PADRÓN DA TAXA POR ENTRADAS DE VEÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE (2018)
541/2019	27/11/2019	ASUNTO CONCESIÓN DE CAIXA FIXA 4/2019
542/2019	27/11/2019	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 18/2019 (9/2019 DO MANDATO 2019-2023), ORDINARIA, 28 DE NOVEMBRO DE 2019



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

543/2019	27/11/2019	ASUNTO: AUTORIZACIÓN PAGAMENTO A XUSTIFICAR 20/2019
544/2019	28/11/2019	ASUNTO: APROBACIÓN RECIBO DE ARRENDAMENTO DE VIVIENDA PARA ESTUDIANTES DO PROGRAMA EUROPEO "CUERPO EUROPEO DE SOLIDARIDADE" CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2019
545/2019	29/11/2019	ASUNTO: APROBACION DA SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS REALIZADOS EN RELACIÓN AOS PAGOS REALIZADOS A EXCURSIÓN A "SAN ANDRÉS DE TEIXIDO" DE JESÚS GÓMEZ CAMPELO CON DNI 76.296.654- L
546/2019	29/11/2019	ASUNTO: AUTORIZACIÓN DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 21 /2019
547/2019	29/11/2019	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE PREZO PÚBLICO POR ESCOLAS CULTURAIS E DEPORTIVAS (NOVEMBRO 2019).
548/2019	29/11/2019	ASUNTO: SUSPENSIÓN TEMPORAL NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE D ^a CONCEPCIÓN GARCÍA GARCÍA
549/2019	29/11/2019	ASUNTO: SUSPENSIÓN TEMPORAL NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE D ^o CARLOS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ
550/2019	29/11/2019	ASUNTO: SUSPENSIÓN TEMPORAL NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE D ^o MANUEL LÓPEZ MARTÍNEZ
551/2019	29/11/2019	ASUNTO: AMPLIACIÓN HORARIA SEMANAL DE URXENCIA NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE D ^a M ^a DEL CARMEN BELLO BREA.
552/2019	29/11/2019	ASUNTO: EXTINCIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DONA. AVELINA NAYA GÓMEZ
553/2019	29/11/2019	ASUNTO: SUSPENSIÓN TEMPORAL NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE D. MANUEL BARROS TORREIRO
554/2019	29/11/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 48/2019
555/2019	02/12/2019	ASUNTO: APROBACION DA FACTURA DE SANITAS S.A. DE SEGUROS CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2019
556/2019	03/12/2019	ASUNTO: ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE LA PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CAÑÁS E SAN VICENTE DE VIGO (FINANCIADA CON CARGO A LA SUBVENCIÓN DE LA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DE LA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL DE LA XUNTA DE GALICIA. CONVOCATORIA, RESOLUCIÓN 28-12-2018; OTORGAMIENTO, RESOLUCIÓN 16-05-2019)
557/2019	04/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 8/2019. XERACIÓN DE CRÉDITOS 7/2019.
558/2019	04/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 11/2019. TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS 2/2019 ENTRE PARTIDAS DEL MISMO GRUPO DE FUNCIÓN E PARTIDAS DE PERSOAL.
559/2019	05/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR PARA A ORGANIZACIÓN DO I CONCURSO DE TAPAS, DENTRO DA CAMPAÑA DE COMERCIO 2019
560/2019	10/12/2019	ASUNTO: NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO DE PROXECTO DE MELLORA DE SENDA PEONIL PARA ACCESO Á ÁREA RECREATIVA DA BREXA, PARA A SÚA APROBACIÓN CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2020
561/2019	10/12/2019	ASUNTO: NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO DE CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN DE GRANITO E ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA PARA APARCADOIRO NO LUGAR DE BACELO (SANTA BAIA DE CAÑÁS), PARA A SÚA APROBACIÓN CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

		2020
562/2019	10/12/2019	ASUNTO: NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO DE ACONDICIONAMENTO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DO ESPÍÑO, PARA A SÚA APROBACIÓN CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2020
563/2019	10/12/2019	ASUNTO: NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO DE NOVO SANEAMENTO EN SAN VICENTE DE VIGO (FASE2) CARRAL, PARA A SÚA APROBACIÓN CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2020
564/2019	10/12/2019	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO 6/2019 (8/2019 DE COMISIÓNS INFORMATIVAS), EXTRAORDINARIA, 13-12-2019
565/2019	04/12/2019	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000019265 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
566/2019	11/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DE DEVOLUCIÓN DE SOLICITUD DE INGRESOS REALIZADOS EN RELACIÓN AOS PAGOS REALIZADOS A "SAN ANDRES DE TEIXIDO" DE D. MANUEL VIDAL MOSQUERA CON DNI 76296633K.
567/2019	11/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR PARA OBRADOIRO DE BAILE NO MES DE DECEMBRO.
568/2019	11/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE A CONTRATACIÓN DO II CAMPIONATO DE CICLOCROSS DO CONCELLO DE CARRAL
569/2019	11/12/2019	ASUNTO: MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO RELATIVAS AO HORARIO E AO CENTRO DE TRABALLO, A PARTIR DO VINDEIRO 01 DE XANEIRO DE 2020, DO ANIMADOR CULTURAL DON ANTOLÍN RODRÍGUEZ GESTAL (46915244M), PERSOAL LABORAL TEMPORAL DESTA CONCELLO, POR RAZÓNS ORGANIZATIVAS QUE ESTÁN RELACIONADAS COA MELLOR ORGANIZACIÓN E PRODUTIVIDADE DO CONCELLO A CONSECUCIÓN DO TRASLADO DO SERVIZO PÚBLICO DE ANIMACIÓN CULTURAL AO CENTRO INTERXERACIONAL SITO NA RÚA ALCALDE JUAN SEIJAS DESTA LOCALIDADE.
570/2019	11/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE A CONTRATACIÓN DA SAÍDA DO CEIP TABEAIO AO AQUARIUM FINISTERRAE O 13 DE DECEMBRO DE 2019.
571/2019	11/12/2019	ASUNTO: DEVOLUCIÓN DE INGRESOS DUPLICADOS NA EMISIÓN DE RECIBOS DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO DE 2019, POR PROBLEMAS COA APLICACIÓN INFORMÁTICA EMPREGADA.
572/2019	11/12/2019	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE TAXA POR ABOAMENTOS COMPLEXO DEPORTIVO (DECEMBRO DE 2019)
573/2019	12/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE A CONTRATACIÓN DO PREMIO Á MELLOR CLASE DE IES DE CARRAL POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.
574/2019	13/12/2019	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 11/2019 (7/2019 DO MANDATO 2019-2023), EXTRAORDINARIA, 18 DE DECEMBRO DE 2019
575/2019	13/12/2019	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 19/2019 (10/2019 DO MANDATO 2019-2023), ORDINARIA, 16 DE DECEMBRO DE 2019
576/2019	13/12/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 13/2019. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 3/2019 ENTRE PARTIDAS DO MISMO GRUPO DE FUNCIÓN E PARTIDAS DE PERSOAL.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

577/2019	13/12/2019	ASUNTO: AUTORIZACIÓN PAGAMENTO A XUSTIFICAR 22/2019.
578/2019	13/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN CERTIFICACIÓN UNHA (1) E DÚAS (2) E ÚLTIMA DA OBRA REFORMA DO TEITO DO PAVILLÓN DE DEPORTES DO COLEXIO VICENTE OTERO VALCÁRCEL (SUBVENCIONADA POLA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA- 52.983,61 € SOBRE O ORZAMENTO TOTAL DE 73.883,91 €, IVE INCLUIDO- A TRAVÉS DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ASINADO CO CONCELLO DE CARRAL AO EFECTO).
579/2019	13/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CAÑÁS E SAN VICENTE DE VIGO (FINANCIADA CON CARGO Á SUBVENCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA. CONVOCATORIA, RESOLUCIÓN 28-12-2018; OUTORGAMENTO, RESOLUCIÓN 16-05-2019)
580/2019	13/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA MEDIANTE CONVENIO ASINADO ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CARRAL, O 22 DE MAIO DE 2019 (CON ADENDA DO 03 DE OUTUBRO DE 2019), PARA A OBRA DE REFORMA DO TEITO DO PAVILLÓN DE DEPORTES DO COLEXIO VICENTE OTERO VALCÁRCEL
581/2019	16/12/2019	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE PREZO PÚBLICO POR ESCOLAS CULTURAIS E DEPORTIVAS (DECEMBRO 2019)
582/2019	16/12/2019	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 13032/2019 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
583/2019	17/12/2019	ASUNTO: AUTORIZACIÓN PAGAMENTO A XUSTIFICAR 23/2019.-
584/2019	17/12/2019	ASUNTO: AUTORIZACIÓN PAGAMENTO A XUSTIFICAR 24/2019.-
585/2019	17/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN E PAGAMENTO DA ACHEGA 2019 AO CONCELLO DE ABEGONDO NO MARCO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN, ASINADO O 21 DE OUTUBRO DE 2019, PARA A XESTIÓN COMPARTIDA ENTRE OS CONCELLOS DE ABEGONDO, BERGONDO E CARRAL, DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA.
586/2019	17/12/2019	ASUNTO: AXUDAS ODONTOLÓXICAS, OFTALMOLÓXICAS E DE ESTUDOS DO PERSOAL (DE XULLO A DECEMBRO).
587/2019	17/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR PARA O CONTROL EXTERNO DAS OBRAS "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CAÑÁS E SAN VICENTE DE VIGO. CARRAL-A CORUÑA
588/2019	18/12/2019	ASUNTO: XUSTIFICACIÓN PAGAMENTO A XUSTIFICAR 19/2019
589/2019	18/12/2019	ASUNTO: XUSTIFICACIÓN PAGAMENTO A XUSTIFICAR 17/2019
590/2019	18/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN E PAGAMENTO DA FRANQUICIA DA PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL Nº 1331700004382 SUBSCRITA CON REALE SEGUROS GENERALES S.A. NO SINIESTRO DE REFERENCIA Nº 1331915003210.
591/2019	18/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR PARA EQUIPAMENTO INFORMÁTICO.
592/2019	18/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO O 04 DE DECEMBRO DE 2019 ENTRE A CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E A



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

		FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) EN RELACIÓN COS GASTOS DE LIMPEZA DOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS (CPI) (NO TOCANTE AO CPI VICENTE OTERO VALCÁRCCEL DE CARRAL).
593/2019	18/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR PARA INSTALACION DE CAMARAS DE VIXILANCIA.
594/2019	18/12/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 49/2019
595/2019	18/12/2019	ASUNTO:EXPEDIENTE FORESTALES 50/2019
596/2019	18/12/2019	ASUNTO:EXPEDIENTE FORESTALES 51/2019
597/2019	18/12/2019	ASUNTO:EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 71/2019
598/2019	18/12/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 72/2019
599/2019	18/12/2019	ASUNTO: XUSTIFICACIÓN DO ANTICIPO DE CAIXA FIXA 2/2019 .-
600/2019	20-12-2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 52/2019
601/2019	20-12-2019	ASUNTO: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO A XUSTIFICAR 15/2019
602/2019	20-12-2019	ASUNTO: XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO A XUSTIFICAR 21/2019.-
603/2019	20-12-2019	ASUNTO: RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE DONA. PURIFICACIÓN REGUEIRA UCHA.
604/2019	20-12-2019	ASUNTO:PROCEDER, CON DATA 1 DE XANEIRO DE 2020, Á CONTINUIDADE DA TRABALLADORA DONA MARÍA JOSÉ VIDAL RIVERA COMO CONSERXE COAS MESMAS FUNCIÓNS QUE APARECEN PARA DITO POSTO NA RPT VIXENTE NESTE CONCELLO QUE INCLÚEN AS LABORES DA BIBLIOTECA, EN SUBSTITUCIÓN DE DONA M ^a ISABEL GEREMÍAS LOUSA E ATA A SÚA INCORPORACIÓN.
605/2019	26-12-2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 53/2019
606/2019	26-12-2019	ASUNTO: XUSTIFICACIÓN DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 20/2019
607/2019	26-12-2019	ASUNTO: APROBACIÓN DE FACTURA POR IMPORTE DE 899,91 €
608/2019	26-12-2019	ASUNTO: APROBACIÓN DE NÓMINAS MENSUAIS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE CARRAL CORRESPONDENTES AO MES DE DECEMBRO DE 2019.-
609/2019		ASUNTO: XUSTIFICACIÓN DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 16/2019
610/2019	26-12-2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO RECIBOS CORRESPONDENTES AO MES DE DECEMBRO DE 2019, DE 12 DE DECEMBRO DE 2019, POR IMPORTE DE 415,28 €
611/2019	26-12-2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 14/2019, XERACIÓN DE CRÉDITOS 9/2019
612/2019	26-12-2019	ASUNTO: LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, PRESTACIÓN DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA AGOSTO 2019-ATRASOS.-
613/2019	26-12-2019	ASUNTO: LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, PRESTACIÓN DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA SETEMBRO 2019.-
614/2019	26-12-2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 53/2019
615/2019	26-12-2019	ASUNTO:APROBACIÓN CERTIFICACIÓN PRIMEIRA DA OBRA PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CAÑÁS E SAN VICENTE DE VIGO (FINANCIADA CON CARGO A SUBVENCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA. CONVOCATORIA, RESOLUCIÓN 28-12-2018; OUTORGAMENTO, RESOLUCIÓN 16-05-2019)
616/2019	26-12-2019	ASUNTO: LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, PRESTACIÓN DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA OUTUBRO 2019.-
617/2019	26-12-2019	ASUNTO: ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE LA OBRA (CONTRATO MENOR) MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL CENTRO CULTURAL Y DEPORTIVO DE AS TRAVESAS, CARRAL (A CORUÑA,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

		GALICIA)
618/2019	27/12/2019	ASUNTO: OUTORGAMENTO/DENEGACIÓN DE AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE CARRAL PARA ESTUDANTES PARA O CURSO 2018/2019.
619/2019	27/12/2019	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 20/2019 (11/2019 DO MANDATO 2019-2023), ORDINARIA, 30 DE DECEMBRO DE 2019
620/2019	27/12/2019	ASUNTO: XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO A XUSTIFICAR 22/2019
621/2019	27/12/2019	ASUNTO: XUSTIFICACIÓN DO ANTICIPO DE CAIXA FIXA 4/2019.-
622/2019	30/12/2019	ASUNTO: ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE LA OBRA MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL CENTRO CULTURAL DE SAN VICENTE, CARRAL (A CORUÑA, GALICIA)
623/2019	30/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DE FACTURAS E LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO 10/2019 POR IMPORTE DE 49.194,29 € EMITIDO POR INTERVENCIÓN MUNICIPAL.-
624/2019	30/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DE FACTURAS POR IMPORTE DE 8.368,02 €.-
625/2019	30/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DE FACTURAS FISCALIZADAS POR IMPORTE DE 370,84 €.-
626/2019	30/12/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DA FACTURA POR IMPORTE DE 470,02 €
627/2019	30/12/2019	ASUNTO: XUSTIFICACIÓN PAGAMENTO A XUSTIFICAR 24/2019
1/2020	02/01/2020	ASUNTO: PRÓRROGA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE 2019 PARA 2020
2/2020	03/01/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR PARA A CABALGATA DOS REIS MAGOS O 5 DE XANEIRO DE 2020
3/2020	07/01/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 54/2019
4/2020	07/01/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 55/2019
5/2020	08/01/2020	ASUNTO: COMUNICACIÓN DE ACCIDENTALIDADE DA SECRETARÍA DO CONCELLO POR AUSENCIA DO TITULAR POR VACACIÓNS (10 A 14 DE XANEIRO DE 2020, TODOS ELES INCLUIDOS) E POR PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES (ARTS. 118 DA LEI 2/2015, DO 29 DE ABRIL, DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA E 48.K) DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO) OS DÍAS 17 A 21 DE FEBREIRO DE 2020, TODOS ELES INCLUIDOS.
6/2020	09/01/2020	ASUNTO: AUTORIZACIÓN DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 1/2020
7/2020	09/01/2020	ASUNTO: AUTORIZACIÓN DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 2/2020
8/2020	09/01/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN DA AGENCIA TRIBUTARIA, DELEGACIÓN ESPECIAL DE GALICIA, POR IRPF, RETENCIONS E INGRESOS A CUENTA POR ARRENDAMIENTOS POR IMPORTE DE 548,21 €.
9/2020	10/01/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE TRANSPORTE PARA A VIAXE Á PISTA DE XEO.
10/2020	10/01/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR A ADQUISICIÓN DE TROFEOS PARA O XVI TORNEO DE TIRO OLIMPICO CONCELLO DE CARRAL.
11/2020	10/01/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR O ALUGUER DE FREGADORA PARA OS PAVILLONS.
12/2020	14/01/2020	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE TAXA POR ABOAMENTOS COMPLEXO DEPORTIVO (XANEIRO DE 2020)
13/2020	14/01/2020	ASUNTO: LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-PRESTACIÓNS DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA NOVEMBRO DE 2019.
14/2020	14/01/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DA 2ª LIQUIDACIÓN DE 2019.RÉXIME DE COFINANCIAMENTO PARA AS ESCOLAS INFANTIS XESTIONADAS A



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

		TRAVÉS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.
15/2020	14/01/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO PAGAMENTO AO VOLUNTARIO DON MICHELANGELO CALVARUSO, DO PROGRAMA EUROPEO DE SOILIDARIDADE, CORRESPONDENTE AOS GASTOS DE BOLSILLO E DE MANUTENCIÓN CORRESPONDENTE AO ANO 2020.
16/2020	14/01/2020	ASUNTO: APROBACIÓN E PAGAMENTO Á VOLUNTARIA DO PROGRAMA EUROPEO DE SOLIDARIDADE MATILDE GIOLLI OS GASTOS DE BOLSILLO E DE MANUTENCIÓN CORRESPONDENTE O ANO 2020
17/2020	15/01/2020	ASUNTO: APROBACIÓN RECIBO DE ARRENDAMENTO DE VIVIENDA PARA ESTUDIANTES DO PROGRAMA EUROPEO "CUERPO EUROPEO DE SOLIDARIDADE" CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO DE 2020.
18/2020	16/01/2020	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000019480 ACUERDO INICIO 9BIS ACUERDO INICIO NO IDENTIFICACIÓN CONDUCTOR
19/2020	16/01/2020	ASUNTO: APROBACIÓN E PAGAMENTO DE TAXAS DE HOMOLOGACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS EN MATERIA DE SEGURIDADE DA XUNTA DE GALICIA.
20/2020	16/01/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 1/2020, ORDINARIA, 17 DE XANEIRO DE 2020
21/2020	17/01/2020	ASUNTO: SOLICITUD AL IDAE DE SUBVENCIÓN PARA LA ACTUACIÓN MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL POLIDEPORTIVO DEL C.E.I.P. VICENTE OTERO VALCÁRCEL. CARRAL (A CORUÑA, GALICIA) AL AMPARO DEL REAL DECRETO 616/2017, DE 16 DE JUNIO, POR EL QUE SE REGULA LA CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONES A PROYECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCALES QUE FAVOREZCAN EL PASO A UNA ECONOMÍA BAJA EN CARBONO EN EL MARCO DEL PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMIENTO SOSTENIBLE 2014-2020 (BOE Nº 144, DE 17 DE JUNIO DE 2017).
22/2020	17/01/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO OBRADOIRO DE BAILE, MUSICA E DANZA DE MAIORES DO CONCELLO DE CARRAL.
23/2020	20/01/2020	ASUNTO: APROBACIÓN, EXPOSICIÓN PÚBLICA E POSTA AO COBRAMENTO DE PADRÓN AUGA-SUMIDOIROS-DEPURACIÓN- CANON DA AUGA 3ER TRIMESTRE 2019
24/2020	21/01/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 1-2020
25/2020	21/01/2020	ASUNTO: CONCESIÓN URXENTE DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) A D. JESÚS MUIÑO CARIDAD
26/2020	21/01/2020	ASUNTO: CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE D. GUILLERMO ESTEBAN QUIÑOÁ.
27/2020	22/01/2020	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000019527 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
28/2020	22/01/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 2/2020, ORDINARIA, 23 DE XANEIRO DE 2020
29/2020	22/01/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO 1/2020 , ORDINARIA, 27-1-2020
30/2020	22/01/2020	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE PREZO PÚBLICO POR ESCOLAS CULTURAI E DEPORTIVAS (XANEIRO 2020)
31/2020	23/01/2020	ASUNTO: AUTORIZACIÓN DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 3 /2020
32/2020	24/01/2020	ASUNTO: COMUNICACIÓN DE ACCIDENTALIDADE DA SECRETARÍA DO CONCELLO POR AUSENCIA DO TITULAR POR PERMISO PARA CONCORRER A EXAMES FINAIS (ART. 111 DA LEI 2/2015, DO 29 DE ABRIL, DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA) OS DÍAS 27 DE XANEIRO E 10, 11 E 14 DE FEBREIRO DE 2020.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

33/2020	27/01/2020	ASUNTO: PRIVACIÓN PARCIAL DE EFECTOS DO DECRETO 32/2020 (COMUNICACIÓN DE ACCIDENTALIDADE DA SECRETARÍA DO CONCELLO POR AUSENCIA DO TITULAR POR PERMISO PARA CONCORRER A EXAMES FINAIS (ART. 111 DA LEI 2/2015, DO 29 DE ABRIL, DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA)) POR RENUNCIA DO SOLICITANTE AO PERMISO CONCEDIDO PARA O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2020.
34/2020	27/01/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 1/2020 , ORDINARIA, 30 DE XANEIRO DE 2020

5.-MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que o señor voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE indica que si, procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF en relación coas mocións que presenta tal grupo municipal:

5.1.-Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE “sobre a política do Goberno galego en relación ó servizo de pediatría”.

EXPOSICIÓN

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) presentou por escrito (registro de entrada n.º 138, do 27 de xaneiro de 2020) a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

“O Grupo Municipal dos Socialistas de Carral de acordó e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre a política do Goberno galego en relación ó servizo de pediatría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o pasado verán de 2018, a Xunta de Galicia asumiu, de forma clara, a decisión de concentrar os servizos de pediatría en atención primaria en torno ás vilas e poboacións máis poboadas das comarcas da nosa provincia.

Esta decisión ten que ver coa necesidade, cada vez máis recorrente, de resolver o problema derivado das vacacións e baixas dos e das profesionais que prestan servizo no Sergas, e a ausencia de número suficiente de profesionais de pediatría para cubrir estas ausencias.

Noutros centros, a ausencia de pediatra cóbrese con médicos de medicina familiar. Esta problemática soe estar, fundamentalmente, concentrada no rural, sendo un exemplo máis de:

- *Manifesta falta de compromiso do goberno galego hacia o rural da nosa provincia.*
- *Posta en práctica dunha clara intención de concentración da poboación en vilas e cidades.*
- *Irresponsabilidade como goberno de afrontar, de xeito serio e real, o grave problema demográfico que estamos a vivir na nosa provincia, ao igual que no conxunto de Galicia.*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O peor desta situación é que a Xunta de Galicia non é quen de garantir que a agrupación de profesionais ou a agrupación de varios concellos nun único Centro de Atención Pediátrica sexa una decisión temporal, senón máis ben o contrario, o que acentúa a preocupación de pais e nais que cada vez dubidan máis da continuidade do servizo de pediatría en primaria nos seus centros de saúde de referencia por profesionais especialistas en pediatría.

Existen diversos problemas que recrudecen o problema da ausencia de profesionais de pediatría:

- Unha nula vontade do Goberno galego para reclamar do Goberno de España nos últimos anos o aumento notorio de prazas de MIR previa.
- Deficiente política laboral que prima a inestabilidade e eventualidade nos profesionais.
- Ausencia de políticas de contratación con visión a medio e longo prazo que non só eviten a fuga de profesionais de Galicia a outras comunidades autónomas, senón que procure incorporar ao sistema galego a profesionais doutros lugares.

O problema do deficiente número de profesionais ten consecuencias na perda de calidade do servizo, de aí a agrupación de pediatras en torno a centros de saúde que funcionan como puntos de referencia comarcais.

É urxente considerar o servizo de pediatría coa importancia que merece e facer un plantexamento común que resolva o problema actual e deseñe as medidas a medio e longo prazo para estabilizar a situación da pediatría coa vontade de fortalecer un servizo moi demandado, valorado e necesario para a cidadanía.

É o caso do Concello de Carral, que dende o mes de Xaneiro e recurrentemente noutras épocas do ano, vacacións dos facultativos, baixas, ten que desprazar ás súas pequenas e pequenos ao Centro de Saúde de Cmbre situado a 12 km do Concello, ou do contrario ser atendido polo médico de familia sen experiencia nin formación pediátrica de ningún tipo.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a:

- 1.-Dotar de maior estabilidade posible aos/as profesionais de pediatría, traballadores do Sistema galego de saúde, co obxecto de que non se consolide a súa precaria situación laboral, evitando así a fuga de profesionais por motivos de condición laborais.
- 2.-Retrasar voluntariamente a idade de xubilación dos profesionais.
- 3.-Desenvolver un plan de contratación de profesionais de pediatría en atención primaria, abrindo a posibilidade de incorporar o maior número posible de especialistas, para obter unha solución o máis áxil posible do problema da ausencia de persoal para o servizo.
- 4.-Acordar co Goberno de España a axilización dos procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo.
- 5.-Continuar coa implantación de enfermería pediátrica, xa que a pesar da creación da especialidade no ano 2005, o impacto deste novo especialista en atención á infancia en Atención Primaria é escasa ou nula.

”.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) explica que, dende hai anos, na súa opinión se leva sufrindo a falla de pediatría, que só se prestaba a xornada partida durante un par de horas. Engade que en xaneiro desapareceu e que, por xestións do equipo de goberno, conseguiu que viñese dous días a Carral. Coida que é lamentable o servizo en todo o rural, na súa opinión, polos recortes e pola falta de xestión axeitada da Xunta de Galicia. Tras ler a moción presentada polo seu grupo lembra que, cando quixeron quitar pediatría do Hospital de Verín, a Xunta finalmente abandonou a intención pola presión popular. Opina que, pese a que Feijóo dixo na televisión que non hai pediatras suficientes, nas últimas oposicións presentáronse máis de cen, mais moitos marcharon porque non se lles ofrecían condicións axeitadas de traballo. Por todo o indicado, considera que a moción do seu grupo é urxente para que non se deixe ao rural sen atención pediátrica.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por oito votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais de AdV e do PSdeG-PSOE, fronte a catro votos en contra (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP), e coa abstención da señora concelleira non adscrita, polo que se pasa ao debate e votación da moción presentada.

DEBATE

A señora Duarte Gerpe (concelleira non adscrita) manifesta que ela non ten o texto da moción e que non a leu, polo que non pode debatir sobre ela. Porén, indica que o señor Alcalde pode contar con ela para calquera cuestión relacionada coa pediatría, pois non comulga coa política do PP ao respecto.

O señor Fernández Mouriño (PP) manifesta que a todos lles gustaría que o Centro de saúde e os hospitais tivesen máis servizos, e lembra que coa señora Duarte os botaron fóra da consellaría de Sanidade en Santiago ao ir tratar ese asunto, mais explicáronlles que é difícil contratar pediatras se non hai ou non queren vir ao Centro de Saúde porque teñen mellores condicións no hospital. Explica que a Administración velou para convocar máis prazas, mais en 2016 convocou 119 para atención primaria e só se cubriron 9 e 4 de enfermería pediátrica. Engade que o que argumentan é que non hai máis profesionais e opina que iso debe facer reflexionar a todos para contar aos fillos ou netos que é unha profesión con futuro. Indica que o tentou por todos os medios, mais que a Xunta de Galicia argumenta que o 90% está atendido, fronte ao 70% do resto de España. Engade que isto non quere dicir que non lles gustaría ter pediatra todos os días, mais lembra que teñen a sorte de estar cerca de hospitais e do PAC de Cambre, de modo que os nenos están perfectamente atendidos en caso de urxencia. Coida que non se pode dicir que é debido á xestión do equipo de goberno, porque ían cortar a estrada e non foron ver ao xerente, e, na súa opinión, iso é o que hai que facer, e non alarmar e ameazar. Engade que en marzo van saír prazas, mais os médicos son funcionarios e poden pedir días libres para preparar as oposicións , porque é un dereito que lles dá a lei, e de marzo en adiante regularizárase. Opina que o egoísmo pode chegar a eses extremos.

A señora Duarte Gerpe manifesta que un dos motivos polos que deixou o PP foi pola súa política de sanidade pois, cando o Conselleiro os botou do despacho cando faltaba o médico, dicindo que non había máis que falar, ela non estivo de acordo co señor Mouriño. Opina que, se o PP leva arrastrando este problema ano tras ano, deberían contratar os médicos fóra. Felicita ao actual equipo de goberno municipal pola súa xestión, porque coida que traballaron e foron pedir un médico máis. Considera que o señor Mouriño a levaba ás reunións "de doberman", pois a el éralle máis cómodo e quedaba calado. Indica que a ela lle doen os nenos e a xente, e opina que a sanidade en Carral está por enriba de todo e dos intereses partidistas. Engade que a pon de mal humor "ese dichoso Conselleiro". O señor Alcalde replica que xa coñecía esa situación, porque xa lla contaron.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O señor Couto López opina que a xestión do señor Alcalde e da señora Caridad López foi moi boa e espera que a señora Duarte apoie a moción por coherencia.

A señora Caridad López (AdV) dá as grazas á señora Duarte polo seu apoio, explica que queren que haxa pediatría máis días e horas, e coida que o señor Mouriño non está ben informado, pois dende o primeiro momento chamaron á secretaria de Luis Verde para unha reunión urxente e ao día seguinte xa a recibiron e, indo velo un xoves, ao luns seguinte xa estaba o pediatra no Centro de Saúde.

O señor Mouriño indica ao señor Couto que por suposto van votar a favor da súa moción, mais coida que se debería instar tamén ao Goberno Central. Indica que, dende que saíu este tema, preguntou e dixéronlle que tentarían ir unha ou dúas veces á semana e que dalí a cinco días foron [A señora Caridad replica que está equivocado), e el xa sbía que o pediatra ía vir. Considera que chegaron tarde mais, na súa opinión, non psas nada. Engade que el nunca foi a manifestacións e que non pensa ir, salvo causa maior, porque opina que non hai ningunha cuestión que non se poida arranxar falando para chegar a acordos.

A señora Caridad López replica que respecta o que di, mais que é mentira.

O señor Mouriño replica que non o pode chamar mentiroso, porque dende a data que Alternativa dos Veciños ameazou con cortar a estrada pasaron cinco días dende a reunión con Luis Verde do SERGAS e conseguiron iso. Opina que nons e pode mentir, porque é ben fácil de demostrar cun “pantallazo”.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a moción, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as que compoñen a Corporación, adoptando os seguintes acordos:

O Concello de Carral en Pleno insta ao Goberno galego a:

- 1.-Dotar de maior estabilidade posible aos/as profesionais de pediatría, traballadores do Sistema galego de saúde, co obxecto de que non se consolide a súa precaria situación laboral, evitando así a fuga de profesionais por motivos de condición laborais.
- 2.-Retrasar voluntariamente a idade de xubilación dos profesionais.
- 3.-Desenvolver un plan de contratación de profesionais de pediatría en atención primaria, abrindo a posibilidade de incorporar o maior número posible de especialistas, para obter unha solución o máis áxil posible do problema da ausencia de persoal para o servizo.
- 4.-Acordar co Goberno de España a axilización dos procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

necesarios aos centros sanitarios para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo.

5.-Continuar coa implantación de enfermería pediátrica, xa que a pesar da creación da especialidade no ano 2005, o impacto deste novo especialista en atención á infancia en Atención Primaria é escasa ou nula.

5.2.-Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE “sobre o financiamento das entidades locais na prestación do servizo de Axuda no Fogar”.

EXPOSICIÓN

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) presentou por escrito (registro de entrada n.º 137, do 27 de xaneiro de 2020) a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

“O Grupo Municipal dos Socialistas de Carral de acordó e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre o financiamento das entidades locais na prestación do servizo de Axuda no Fogar.

EXPOSICION DE MOTIVOS

Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Pero estamos a asumir, cada vez máis, competencias impropias, que deberían asumir outras administracións. Competencias que non veñen acompañadas do suficiente e/ou correspondente financiamento co que faceller fronte.

A Axuda no Fogar é unha desas competencias impropias xa que corresponde ás administración autonómica e estatal pero que, cada vez de xeito máis preocupante, está a supoñer unha carga financeira, ás veces xa inasumible, para os orzamentos locais.

A Xunta de Galicia aporta dende o ano 2008 9.70 €/hora (como máximo) sen levar a cabo ningunha actualización, quedando estancado o prezo/hora. Outras administracións, como a Deputación de A Coruña, aportan, dende o ano 2018, 12 €/hora: un prezo máis acorde co custe total do servizo.

O que está a suceder neste momento é que os concellos nos vemos na obriga de actualizar as licitacións para a prestación deste servizo. Estas novas licitacións, ás que agora temos que facer fronte dende os concellos, contemplan actualización de prezos que van dende os 16 €/hora ata os case 23 €/hora, xa que, como é normal, nos últimos anos, os salarios incrementáronse e os convenios colectivos modificáronse.

Dito incremento de prezo/hora redundante, en grande medida en:

- *Unha xusta mellora nas precarias condicións contractuais que a día de hoxe sofren as traballadoras (na súa inmensa maioría) e os traballadores deste servizo.*
- *Unha mellora das prestacións ás persoas usuarias (fundamentalmente persoas maiores e dependentes).*

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta:

1.- *A Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerles fronte, chegando como mínimo á aportación que fai a Deputación de A Coruña.*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2.- A Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 202, un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020 que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.

Carral, a 27 de xaneiro de 2020

Pablo Couto López

Voceiro Grupo Municipal Socialista".

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) explica que o servizo de axuda no fogar (SAF) é unha prioridade en todos os concellos, e que se trata dunha competencia da Xunta de Galicia que debería ser prioritario que asumise, pois a administración municipal é a que menos recursos ten. Explica que, mentres a Deputación axuda con 12 €, a Xunta de Galicia faino só con 9,70 €. Pide que se iguallen e que as competencias se asuman polos seu titulares, dado que o custe é maior ca 20 € á hora, e os maiores non poden quedar desatendidos. Tamén pide que a Xunta de Galicia e o Estado acheguen máis recursos para esta finalidade., dende hai anos, na súa opinión se leva sufrindo a falla de pediatría , que só se prestaba a xornada partida durante un par de horas. Engade que en xaneiro desapareceu e que, por xestións do equipo de goberno, conseguíuse que viñese dous días a Carral. Coida que é lamentable o servizo en todo o rural, na súa opinión, polos recortes e pola falta de xestión axeitada da Xunta de Galicia. Tras ler a moción presentada polo seu grupo lembra que, cando quixeron quitar pediatría do Hospital de Verín, a Xunta finalmente abandonou a intención pola presión popular. Opina que, pese a que Feijóo dixo na televisión que non hai pediatras suficientes, nas últimas oposicións presentáronse máis de cen, mais moitos marcharon porque non se lles ofrecían condicións axeitadas de traballo. Por todo o indicado, considera que a moción do seu grupo é urxente para que non se deixe ao rural sen atención pediátrica.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por oito votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais de AdV e do PSdeG-PSOE, con cinco abstencións (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP e da señora concelleira non adscrita), polo que se pasa ao debate e votación da moción presentada.

DEBATE

O señor Couto López considera que o SAF está atendendo a moita xente nos concellos da área metropolitana que ten máis habitantes da Coruña, o que supón unha "mochila de débeda inmensa". Así, explica o que pide na moción e dá lectura ao seu texto.

A señora Duarte Gerpe (concelleira non adscrita) opina que ten razón e que, de todos xeitos, pensa que ten razón en relación con todo o que ingrese a Xunta ou o Estado ao Concello. Opina que con 230.000 € de achega, Carral está entre os primeiros en achegas e que nunca houbo lista de agarda, se non só porque as traballadoras non daban feito os expedientes. Opinba que interesa máis presionar á Xunta de Galicia para que non se demore nos ingresos de dependencia (de xeito que o Concello está a aidntar diñeiro e a subvencionar á Xunta). Opina que se podería engadir unha emenda para axilizar as valoracións de dependencia que se pasan por Servizos Sociais para



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

que resolva a Xunta de Galicia. Indica que, cando deixou de ser concelleira de Servizos Sociais tiñan máis de 1.000 horas (cando ao principio tiñan 500), e pide que no servizo municipal non se retrasen en cargar as horas para non mermar a calidade do servizo. Así, considera que se debería engadir que se axilice a valoración das dependencias para a Xunta de Galicia, e que a Xunta de Galicia axilizase o pagamento dos ingresos polo concepto de dependencia. O señor Couto manifesta que está de acordo con esas adicións.

O señor Fernández Mouriño (PP) manifesta que está totalmente de acordo, salvo co señor Couto, cando fala de competencias impropias, pois coida que non é certo. Considera que foi o bipartito da Xunta de Galicia o que cargou en 2008 a responsabilidade aos Concellos, e que daí vén a libre concorrência. Lembra que as diurectrices do seu goberno municipal eran que, cando houberse necesidade de axuda no fogar, fose inmediatamente atendida, mentres outros concellos non o fan así e esperan a que sexa aprobada a dependencia. Manifesta que el engadiría que por parte dos servizos sociais municipais se axilice a tramitación de dependencia para remitir á Xunta de Galicia, de modo que non tarden nin un só día en remitir o expediente á Xunta para non seren *"cómplices na demora"*. Engade que, aínda que todos estean de acordo, terá que defender a postura do PP, e antes pagábase a 10 €/hora e agora a uns 12-14 €, de modo que se cumpran os diferentes convenios e as traballadoras non estean infrapagadas, se ben coida que haberá que negociar para non pagar nin por defecto nin por exceso. Reitera que foi a Lei 13/2008 do bipartito a que estableceu que os Concellos asumisen a responsabilidade, e que daí saíu o Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar. Opina que, se o Estado tivese as súas contas ao día coa Xunta de Galicia, tería un 24% de débeda menos. Manifesta que, no fondo, está de acordo, e votará polo interese dos veciños, aínda que considera que a señora Duarte *"se emperrechou e marchou por considerar que o Conselleiro esta 'por enriba do ben e do mal'"*. Opina que se dotaron 7.400 horas ao Concello de Carral, a pesar de ser un municipio pequeno, que son moitas máis das asignadas a outros pequenos da comarca con máis habitantes.

A señora Duarte reitera que pensa que ten razón coa moción, mais que hai que axilizar a tramitación das dependencias no Concello pois, se se fai unha visita a un domicilio, non se pode esperar varios meses para remitir a documentación á Xunta.

Así, por consendo decídese someter a votación a parte dispositiva da moción, coas adicións e emendas indicadas, co seguinte texto:

"Esta Corporación Local insta:

1.- *A Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerlles fronte.*

2.- *A Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acorde coas*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

condición laborais do ano 2020 que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.

3.- Aos servizos sociais municipais a que axilicen a tramitación que lles corresponda nos expedientes de dependencia, para a súa inmediata remisión á Xunta de Galicia, para que esta, á súa vez, axilice os seus pagamentos.”.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a moción coas devanditas modificacións, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as que compoñen a Corporación, adoptando os seguintes acordos:

O Concello de Carral en Pleno insta:

1.- A Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerlles fronte.

2.- A Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acorde coas condición laborais do ano 2020 que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.

3.- Aos servizos sociais municipais a que axilicen a tramitación que lles corresponda nos expedientes de dependencia, para a súa inmediata remisión á Xunta de Galicia, para que esta, á súa vez, axilice os seus pagamentos.

6.-ROGOS E PREGUNTAS.

O señor Alcalde pide aos/ás señores/as Concelleiros/as que falen con orde e respectando os turnos.

6.1.-Rogos e preguntas da señora Duarte Gerpe (concelleira non adscrita)

1.-A señora Duarte Gerpe manifesta que, lendo a acta da sesión anterior, viu que ao facer rogos e preguntas se enfadaron no equipo de goberno municipal, e aclara que as peticións que realiza as fai para cando poidan atendelas por favor e que as preguntas non as realiza “a mala leche” nin para enredar aos funcionarios como, segundo ela, dixo a señora Guimarey.

2.-Pregunta á señora Interventora canto tempo a empresa-ponte que está a realizar os traballos do SAF pode facturar sen reparos por iso, pois xa leva seis meses, ao que a señora Interventora resposta que, tratándose dun contrato de servizos, ao superar os 15.000 €, e que xa existe ese reparo. A señora Duarte considera que, no tempo en que



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ela foi concelleira da área, custou moito que Servizos Sociais fixesen un prego de prescricións técnicas, mais que, antes de rematar 2018 xa tiñan un presentado polo rexistro do Concello. Indica que non lle cabe dúbida de que están a traballar niso, e que o Secretario ha de estar “enredado” cos expedientes, mais *coida* que *coida* que é moi necesario aceleralo pois opina que, tras as reunións cos sindicatos para determinar o persoal que se ha de subrogar, xa non falta máis nada, se ben hai unha parte da contratación que depende da Secretaría e da Intervención. Pregunta se o contrato vai estar en dous ou tres meses, ou indica que seguirá a facer a mesma pregunta se non o teñen feito.

3.- Manifesta que, noutro departamento, tamén está pendente o prego de prescricións técnicas para a limpeza viaria e que, para a limpeza das dependencias municipais, ela foi “parcheando” como puido. Indica que cunha Lei de Montoro baixouse o importe dos contratos menores a 15.000€ e que, no tempo en que ela estivo, o Secretario “*non sacou obras maiores*” e “*fixéronse moitas menores*”, como por exemplo co campamento de verán, no que houbo que “*buscarse a vida*”, como fixo ela. Opina que este Concello dispón de persoal para “*contratar obras maiores*” e engade que o que quere é que os veciños teñan actividades e non que dentro de dous meses sigan igual

\$.- Pregunta que están a facer en relación a emerxencias sociais e se compraron alimentos para o banco coa partida de 10.000 €. Indica que ten información de que a algunhas familias lles estivo a dar alimentos a Cruz Vermella e non o banco de alimentos municipal, nin tampouco axudas para o pagamento das comunidades de veciños ou a renda de pisos. Pregunta que partida quedou a 31 de decembro para emerxencia social, pois *coida* que tivo que haber remanente. Considera que hai que reducir o gasto, mais que esa partida non se pode deixar sen esgotar. Indica que, cando ela era a concelleira da área, cando chegaba o Nadal cada membro dunhas 45 ou 47 familias desestruturadas (arredor dunhas 100 persoas) sempre tiñan un vale de comida duns 20 ou 25 € por persoa, o que supuña uns 2.000 € en total, e este ano non o tiñan, o que lle parece moi triste. Pide que expliquen se esgotaron a partida e considera que lle parece bonito que se vendan cuestións na prensa, mais non lle parece correcto que se recorte en diñeiro para esa finalidade. Pide que no orzamento de 2020 se introduzan uns 15.000 € para esa finalidade e que se preocupen de que os beneficiarios poidan mercar produtos perecedoiros.

6.- Manifesta que non está segura, mais que viu unha factura de 9.050 € aprobada pola Xunta de Goberno Local para Reis, mais que, como non está desglosada, pide ao Concelleiro de Cultura en que se gastou ese día. Explica que ela gastaba uns 2.000 € en luces para o pavillón e outros 2.000 en persoal e que había cinco inchables e non tres, e bolsas de caramelos, chocolate con churros e roscóns que daban as panaderías. Opina que ela deixou o listón moi alto na organización dos Reis e que os nenos, que sempre din a verdade, din que lles gustaban máis antes. Opina que, xa que non o poden facer peor, o ano que vén ten que ser mellor. Indica que si quere felicitar á concelleira de Turismo polo que fixo co Papá Noel, pois viuse esforzo. Considera que, se cadra, non cren nos Reis, só con ver o cartel. Engade que a iluminación de Nadal non é para nós, se non para os veciños, para que haxa ambiente. Considera que antes viñan a Carral nesas datas os de Abegondo ou Cerceda, e agora é ao revés.

7.- Opina que hai que aos Muíños do Batán hai que ir cunha eixada, pois a auga está a destrozar todo e habería que facer limpeza e mantemento. Explica que todos os anos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

inspeccionan a ruta homologada pola Federación de Montañismo, mais que hai balizas rotas e tiradas á beira dos camiños dende hai dous meses, polo que opina que, se veñen, quitarán a homologación.

8.- Manifesta que non sabe se remataron a obra de Méndez Búa e pide que volte ao seu sito a valla do edificio abandonado, polo perigo de caída de louxas para os coches e os rapaces do Instituto.

9.-Considera que é vergoñento que nunha rúa cara á praza había sete vallas de plástico amarelas do Concello, e que alguén roubou tres ou catro, de xeito que non fan nada nin evitan que se entre.

10.-Indica que alguén lle comentou que no pavillón do colexio pode haber condensación ou pingueiras tras o cambiou de cuberta (obra que lembra que acadou o anterior Alcalde).

11.-Manifesta que se quedou abraiada co parque infantil que se realizou xunto á igrexa de San Vicente, pois coida que no convenio asinado dicía en negriña que finca se había de deixar ao mesmo nivel. Opina que, xa que hai unha entrada de cemento que corta a pista, e que o parque estraga a finca, na súa opinión, non viron nin leron o convenio. Opina que o ano que vén lles poderían retirar a finca, pois opina que non se cumpriu o convenio.

6.2.-Rogos e preguntas do señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP)

1.-O señor Fernández Mouriño manifesta que vai ser máis escueto, e que lle sorprende que á 1ª Tenente de Alcalde lle chame a atención que pida os asistentes ás escolas municipais, pois opina que leva dez minutos facelo e indica que o señor Couto preguntaba os asistentes todos os anos. Indica que, se lle molesta que o faga, preguntarlle se pode pedilo. Engade que lle interesa máis a contratación das obras que faltan, coma os pasos de peóns, ou a ponte do Brexa ou o andén de Carral a Tabeaio. Engade que, en canto ao PXOM, dicían que se ía facer en dous meses un plan xeral máis axeitado e con máis zonas verdes, e que non se ve nada diso, aínda que estaban as alegacións contestadas e podían terse tramitado entre xullo e agosto, mais, na súa opinión, non se fixo nada. Pregunta se teñen algo previsto ou se xa non é tan importante rematar os edificios inacabados e os riscos das vallas. Engade que, ao querer cambiar todos os proxectos porque non lles gustan, non os levan adiante, e indica que non sabe por que tardaron tanto e como quedou a modificación do proxecto da pista de San Vicente; indica que a obra do local de San Vicente está sen facer, coma a da ponte de Sergude, ou a do río da Merla, onde seguen a producirse inundacións e hai que facer algo, na súa opinión., igual que coas beirarrúas en Coiro, onde, na súa opinión, quedan tres xardineiras e os pasos de peóns nos lugares máis perigosos

6.3.-Contestacións do equipo de goberno municipal.

A solicitude do señor Alcalde, o señor Bello Hermida, concelleiro de Servizos Sociais, Cultura e Deportes, resposta á señora Duarte que, se non lle gustaron os Reis, houbo mito xente á que lle gustaron, e engade que a factura á que alude, de 9.050 €, é a



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

única que hai por ese concepto e que está detallada e á súa disposición. En canto ao contrato do SAF, explica que xa saben todos como estaba e que, para o contrato-ponte contactaron con varias empresas e moitas dicían que Carral non lles interesaba. Engade que se presentaron tres ofertas segundo as condicións laborais e a formación das auxiliares, e que se contratou con toda a legalidade posible dentro do que se podía facer. Indica que *"non é por botarse flores"*, mais que chamaron do Concello de Betanzos para saber como fixera Carral para regularizarse. Explica que xa hai un s modelos de pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas e que se están a estudar polos técnicos correspondentes, pois os que se fixeran con anterioridade contiñan moitos erros, Indica que aprenderon dos erros doutros Concellos e que refixeron cuestións polas que se impugnaron os pregos doutros concellos, como Betanzos ou Culleredo e recompilaron preguntas das empresas para non cometer tales erros. Non vai dicir que se poida contratar en dous meses, mais farase no menor tempo posible. Clarexa que a empresa actual nin a coñecía, polo que non se pode dicir que sexa unha *"empresa amiga"*. Explica que dúas empresas renunciaron ao servizo e que, para desbloquear a situación cos sindicatos e cos traballadores e para as subrogacións, houbo que facer cesións por ambas bandas.

A señora Duarte replica que, se gastaron en Reis nunha soa empresa 9.050€, na súa opinión *"é un timo"*, e terían que revisalo, ao que o señor Bello Hermida resposta que el sabe o que vale o que se fixo e invita á señora Duarte a que revise a factura. En canto á empresa relacionada do SAF, a señora Duarte indica que sabe do que está a falar, e que, aínda que diga que non coñecía a actual empresa, en reunións anteriores cos sindicatos se apuntou directamente á empresa que se contratou. Engade que cada un pode pensar o que queira, mais que, na súa opinión se pode pensar mal ao ver que unha persoa da súa lista e despedida doutra empresa acabou sendo a xefa do servizo en Carral. Engade que pode ser que non teñan a culpa, mais coida que as cousas xa ían nesa dirección, Opina que o prego xa está feito e entende que, se se deixou por rexistro, non ten que voltar a Servizos Sociais e ten que deixalo en mans de Secretaría e Intervención e non ir a outro departamento *"porque xa estaba regularizado"*.

O señor Bello Hermida replica que perdoe se se expresou mal, e que o que dicía é que non querían empresa que non pagaban aos traballadores segundo convenio, e pide á señora Duarte que llelo pregunte se quere ás empresas.

O señor Couto López, 2º Tenente de Alcalde, en canto ao dito polo señor Mouriño en canto ás obras e o PXOM, manifesta que lle parece increíble que se poida deixar proxectos que non se poden executar e vir con esixencias, e opina que *"falar non ten cancelas"*. Explica que a obra da Ponte do Brexa se licitou sen xeotécnico e que o contrato se adjudicou igual aínda que o proxectista advertiu ao anterior Alcalde de que o seu proxecto non era válido para licitar. Engade que se está a elaborar un modificado moi complexo. En canto á senda a Tabeaio, explica que Augas de Galicia considerou que o proxecto non era válido e estase á espera do seu permiso. En canto ao Río da Merla, explica que chegou unha multa de Augas de Galicia de 1.500 € e coida que o señor Mouriño non arranxaba os problemas e dáballo igual, mentres agora si se está a executar a obra. Engade que o único proxecto que se respectou do goberno anterior foi o do parque infantil de San Vicente, que se fixo *"polo libro"*, e que o resto houbo que modificalos, e lamenta que non puidesen tamén cambiar o do Panteón pola *"desfeita"* que, na súa opinión, alí se fixo. Considera que o señor



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Mouriño, malia levar 32 anos en política do Concello, parece que acaba de aparecer e pídelle que *“tome este Concello en serio”*.

O señor Fernández Mouriño pídelle ao señor Couto que *“non sexa tan valente”* e indícalle que os proxectos de obras redáctanos arquitectos e enxeñeiros, e son supervisados polos técnicos do Concello e da Deputación, Opina que é máis serio có señor Couto a pesares dos seus coñecementos de enxeñeiro, e indícalle que as cousas a as teñen que facer os técnicos segundo as ordes dos políticos, pois, se fixese todo o Alcalde, non farían falla enxeñeiros. Opina que non é normal que lle dean tantas voltas a proxectos que nunca se cuestionaron, e que, aínda que sempre aparecen problemas, coida que moitos os pararon *“porque lles deu a gana”* (salvo nas cuestións apuntadas por Augas de Galicia en relación coa ponte do Brexa para o andén a Tabeaio). Considera que o resto se pode emendar, e que se pode contratar un control de calidade, coma nas obras da Agader, para que vaian supervisando, e opina que son cousas que *“ve calquera tonto”*, pois para as cousas técnicas xa están os técnicos. Opina que o proxecto da obra do Río da Merla estaba perfecto, e que podería estar executada en xullo, mais está a haber inundacións, na súa opinión, por culpa do equipo de goberno. Indica que non viu máis ca un modificado na Deputación e pide que *“non metan a pata”*. Por outra banda, indica que espera que vaian solicitando as axudas convocadas estes meses, pois di que, segundo as actas da Xunta de Goberno Local, non pediron nada e a maioría están pendentes de caducar. Manifesta que só ten acceso ao rexistro de entrada pedíndoo por escrito e considera que non dá tanto traballo contestarlle.

A señora Duarte Gerpe manifesta que non lle contestaron ás súas preguntas sobre emerxencia social nesta sesión nin na anterior. Engade que, se din que a única obra que se fixo segundo o proxecto é a de San Vicente, haberá dous proxectos, pois considera que o proxecto entregado ao Arcebispado para o convenio non se está a cumprir, e os veciños quéixanse de que se destrozou a parcela.

O señor Alcalde indica que o proxecto desa obra é o do anterior Alcalde e indica que, se teñen dúbidas falen co director de obra (o arquitecto Quijano Yáñez). Engade que el se atopou cunha obra aprobada para finalizar o 13 de decembro, e que se executou a toda velocidade. Opina que o señor Mouriño non se encargaba de nada no Concello nin sabía, e pregúntase para que encargaron dous proxectos.

A señora Duarte Gerpe lembra que, para executar unha obra, hai que verificar a dispoñibilidade dos terreos, e que non se pode executar calquera proxecto sen saber se se recolle no correspondente convenio. Engade que mañá, que non ten feira, virá ao Concello a buscar unha copia do convenio que se asinou co Arcebispado. O señor Alcalde indica que se contratou o proxecto encargado polo señor Mouriño como estaba. A señora Duarte replica que o proxecto asinado e presentado no Arcebispado tiña unha entrada ao parque, unha pista deportiva que valía coma aparcadoiro e a entrada á igrexa e considera que o Concello ten que respectar os convenios, e que é responsabilidade de quen goberna.

O señor Couto López manifesta que en agosto lles foi entregada unha listaxe de proxectos e subvencións pendentes e indica que descoñecía que houbera outro proxecto e que non entende que o señor Mouriño diga que non era el o que determinaba os proxectos, polo que non vai entrar en polémica.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

6.4.-Pregunta da señora Ramilo Varela (grupo municipal do PP)

A señora Ramilo pregunta se se están a dar axudas de emerxencia social, por exemplo, en caso de necesidade por terse operado, pois manifesta que sabe que nalgún caso non se deu, e considera que non está funcionando. Por outra banda, opina que lle sorprenden as intervencións do señor Couto no pleno e advirte ao señor Alcalde de que, na súa opinión, en catro anos lle vai quitar o posto.

O señor Bello Hermida resposta que non é considerado dentro do paquete de emerxencia social, que valoran as técnicas de Servizos Sociais. A señora Ramilo replica que antes, en caso de emerxencia social, dábase o servizo e logo valorábase, e o señor Bello Hermida explícalle que axuda no fogar é distinto de emerxencia social. A señora Ramilo explica que se refería a casos de emerxencia en axuda no fogar, e o señor Bello Hermida contéstalle que se atenderon todos os casos de axuda no fogar por urxencia que as técnicas consideraron necesarios.

6.5.-Pregunta do señor Bello Hermida (AdV) ao señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP)

O señor Bello Hermida considera que o señor Fernández Mouriño xa será coñecedor da sentenza de Varinca que obriga ao Concello a devolver 116.031,11 € e pídelles que explique como vai facer fronte ao seu compromiso de responder co seu patrimonio de tal débeda, realizado no pleno do 29 de novembro de 2012 e ratificado posteriormente noutra sesión pola señora Duarte Gerpe, quen actuaba nela coma Alcaldesa en funcións. Pregúntalle se quere que se lle pase un número de conta.

A señora Duarte Gerpe indica que ela ratificou que, fronte ao que dicía a oposición sobre a reclamación de sete millóns de euros, o Alcalde de entón comprometeuse a facer fronte a esa cantidade, mais non dixo que devolvería as taxas, que é o que ordea a sentenza.

O señor Fernández Mouriño manifesta que, nos 16 anos en que estivo na Alcaldía, perderon tres preitos por cuestións laborais (readmisión do técnico de xuventude, unha cuestión de aumento de retribucións da Policía Local e unha indemnización do encargado de obras). Engade que, no resto dos preitos, como sabe a técnica xurídica do Concello, Sonia Campos Ares, hoxe presente na sesión, "*rompéronse moito a cabeza*" para defender ao Concello dalguén que quería lucrarse e saíulle mal. Solicitaron unha licenza para vivendas que se lles concedeu, e denunciou unha veciña porque lle afectaba ás vistas e á intimidade, e conseguiu que o xuíz anulase a licenza. Explica que, cando se deu a licenza, o aparelador municipal estaba de baixa por cancro e tiveron que solicitar un informe de servizos externos, e indica que, cando o funcionario foi declarar ao xulgado, dixo que a rúa non tiña beirarrúas e o xuíz anulou a licenza. A empresa pediu arredor de sete millóns de euros polo lucro cesante e, tras pelexalo moito, conseguiron que só houbese que devolver o ICIO (indica que as taxas non se devolven porque se tramitou o expediente), de xeito que habería que devolver os cartos cobrados, 12 ou 15 anos despois, e indica que xa estaba orzamentada a cantidade en 2019 pois, se non, sería unha negligencia na súa opinión.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O señor Alcalde replica que debería estar, mais que había 80.000 €, e engade que, a cada sitio que vai, reclámanlle as débedas do Concello e opina que “é de crime”.

O señor Fernández Mouriño replica que temos que empezar nós mesmos para aforrar.

O señor Alcalde engade que agora vai haber que facer fronte á sentenza de Rebeca Rivera Sar para readmitila, pois o goberno anterior “botouna fóra”. O señor Barbeiro Rey (grupo do PP) replica que marchou ela, e o señor Mouriño indica que ten que ser serio, pois “sabe de sobra como estaba a cousa” e ela “foi parir”.

O señor Alcalde engade que tamén lle comunicaron unha débeda co Consorcio das Mariñas duns 254.000 e, e o señor Mouriño indícalle que a metan no orzamento do ano que vén.

A señora Duarte Gerpe explica que foron sete veces declarar ao xuízo da señora Rivera, e que os seus compañeiros que ían de testemuñas dicían uns que era autónoma e outros que non, polo que coida que o Alcalde debe ser prudente, e lembra que a Interventora e a asesora xurídica do Concello lle transmitiron que estaba recollida no orzamento a cantidade necesaria para indemnizala.

O señor Alcalde engade que son uns 60.000 € e que hai que readmitila, ao que a señora Duarte lle contesta que “vostede non é serio” e que ten que velar polos intereses do Concello, e pregunta se hai que readmitila.

O señor Alcalde reitera que pode dicilo a señora campos, xurídica do Concello, que a interesada recorreu e que hai que pagarlle uns 60.000 € e readmitila.

A señora Duarte Gerpe indica que, se non lles informan, que quere, “que fagan o gilipollas aquí?”.

O señor Barbeito Rey di que “non sexa mentiroso” o señor Alcalde, pois está a dicir que a despediron, e ela marchou voluntariamente.

Ás **23:10** horas, o Sr. Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval